CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: dar indicacións e instrucións elementais. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de

Contidos

- textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas
- Léxico elemental relativo á vivenda.
- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Unit 8. Ocean adventure.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, sobre a escola.	PE	10
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global en textos breves e sinxelos.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais.	TI	90
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: dar indicacións e instrucións elementais. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de

Contidos

- textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas
- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As bases metodolóxicas que inspiran esta programación son as seguintes:

- O alumno é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe e a súa actividade construtivista depende da intervención activa e reflexiva do mestre, axustada ó nivel do alumno, para iniciar o input da lingua, axudar na interacción cos demais, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas, avaliar o que se fai e admitir o erro porque se considera ó igual que o progreso algo natural no proceso de aprendizaxe e porque ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo e se produce cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna no proceso natural de adquisición.

- A aprendizaxe do alumnado parte dos seus coñecementos previos e do que lle resulta familiar e próximo, pero cunha vertente de fantasía para acadar o equilibrio entre a seguridade/benestar e o interese/imaxinación, pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende, formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema e favorecer dese xeito o crecemento persoal, o desenvolvemento e a socialización.

- A aprendizaxe do alumnado ten diferentes formas e ritmos polo que é imprescindible a flexibilidade nas actividades de xeito que todo o grupo poida participar nelas e atope nas que pode aplicar coñecementos e aptitudes e facilitar desa maneira o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso diario.

- A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade baseada na actividade porque demanda exercer a capacidade de actuar, así que é importante dispoñer dunha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación.

- A aprendizaxe por competencias ten o propósito de desenvolver o potencial e as capacidades do alumnado e de preparalo para poder afrontar con éxito os retos persoais en todos os aspectos da vida ó longo da mesma, facendo que o alumnado non só sexa capaz de adquirir uns coñecementos ou aprender senón de ser capaz de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida ou de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer.

- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado, por eso é importante que as actividades estean interrelacionadas coas outras áreas curriculares.

- A aprendizaxe permanente implica que non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha área determinada e só serven para ela. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes áreas e tamén fóra do colexio constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

O proxecto Young Achievers ofrece unha gran cantidade de vídeos atractivos, divertidos e modernos, fotos e ilustracións cheas de cor, cancións modernas, historias atractivas e textos do mundo real, manualidades e tarefas de proxectos grupais, que involucra e atrae ó alumnado, despertando a súa curiosidade e o seu interese pola aprendizaxe de idiomas e axudándoo a acadar o seu máximo potencial. Fai énfase na comunicación e participación e ten un programa sólido de vocabulario e gramática, coa presentación e práctica coidadosamente escenificadas e as actividades de práctica próximas ás experiencias do alumnado e motivadoras e deseñadas para fomentar a colaboración e asegurar que os estudantes teñan as ferramentas e a confianza ó usar a lingua que están aprendendo e así poder falar deles mesmos e sobre a súa vida cotiá. E tamén desenvolve os valores de inclusión, benestar emocional e interculturalidade e involucra unha ampla gama de estudantes cun material variado e estimulante que permite a todos verse reflectidos e representados nos materiais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Flash Cards, Word Cards e Posters.
2. Libros Young Achievers de Richmond (Student's Book e Activity Book en formato impreso e dixital) con actividades de audio e video, contos, rimas, cancións, xogos, manualidades e proxectos.
3. Fichas.
4. Materiais audiovisuais: pantallas dixitais, portátiles, proxector, reprodutor de CD e mp3.
5. Blogue de inglés.
6. Biblioteca de aula.
7. Xogos de mesa e de ordenador.
8. Realia e recursos da contorna escolar.

1. Flash Cards, Word Cards e Posters.

Son tarxetas con imaxes e palabras para presentar, reforzar e repasar o vocabulario clave e permitírnos unha ampla variedade de xogos e actividades de comunicación.

2. Libros Young Achievers de Richmond (Student's Book e Activity Book en formato impreso e dixital) con actividades de audio e video, contos, rimas, cancións, xogos, manualidades e proxectos.

Conteñen unha unidade introductoria e oito unidades, que acaban cunha lección de repaso, e tres de revisión cada tres unidades.

Cobren listening, speaking, reading e writing, e tamén vocabulario extra e consolidación e extensión de gramática, e inclúen actividades de lectura e escritura para promover a alfabetización, comezando co recoñecemento de nivel de palabra e produción, progresando ó nivel da oración.

3. Fichas.

Permiten personalizar os contidos e as actividades, ben para resumir, ampliar, repasar ou reforzar, dependendo das características e das necesidades do alumnado.

4. Materiais audiovisuais: pantallas dixitais, portátiles, proxector, reprodutor de CD e mp3.

Son idóneos para traballar os contidos dunha forma lúdica e motivadora para todos os niveis educativos: as pantallas dixitais, os portátiles e o proxector permítennos traballar os contidos non só cos libros virtuais senón tamén con imaxes, vídeos, contos, cancións, vídeo-clips, películas e xogos; o reprodutor de CD e mp3 tamén é útil para os audios e cancións ou música ambiental nalgunhas actividades.

5. Blogue de inglés.

Permite dispoñer de recursos para traballar os contidos e tamén ver moitas das actividades que facemos na aula.

6. Biblioteca de aula.

Dispón de contos impresos en distintos xéneros para poder ler e manipular e empregar vocabulario e expresións de uso frecuente.

7. Xogos de mesa e de ordenador, sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado.

Os xogos de mesa inclúen: memory games, parellas, dominós, tarxetas, parchís, ladder and snakes, memory cards, etc. relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ó longo do curso.

Os xogos de ordenador inclúen: páxinas web de xogos online como:

- British council:

- <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.
- Games to learn English:
- <https://www.funenglishgames.com/>
- <https://www.eslgamesplus.com/>

8. Realía e recursos da contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ó tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó comezo do curso faise unha avaliación inicial (non cualificada) de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ó seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada estudante no curso escolar. Neste proceso poden recollerse evidencias tales coma: gravacións en audio ou vídeos, interacción en parellas, grupos ou en grande grupo, etc. reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración. E o mesmo se fai coa observación directa ou con calquera proba de nivel rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica. Esta información mantense e tense presente ó longo do curso para ir valorando o avance de cada estudante.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	12	12	12	12	12	12	12	12	100
Proba escrita	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90

Criterios de cualificación:

Á hora de concretar os criterios de cualificación para a avaliación debemos ter en conta:

- Instrumentos: táboas de indicadores diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais e escritas.
- Procedementos: observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e vídeo, representacións, etc.

Ó inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe, así que hai que ter en conta todo isto á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada estudante.

Para obter a cualificación na avaliación continua ó longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada unidade didáctica, prestando especial atención ós avances que teña experimentado cada estudante desde o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final teremos en conta as táboas de indicadores específicos, que analizarán todos os criterios de avaliación do nivel, e prestaremos atención especial e valoraremos principalmente a evolución do alumnado desde o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias ó remate do curso.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter cíclico e progresivo dos contidos na área de lingua estranxeira, na maioría dos casos o alumnado vai recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas distintas actividades que se van facendo no curso. No caso do alumnado que non avanza ó ritmo da maioría do grupo conta con apoios e reforzos educativos para que poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos estudantes, á realización de diagnósticos precoces e ó establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe do alumnado. Non todos os estudantes aprenden do mesmo xeito e ó mesmo ritmo e, por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e ós diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos atender no grupo o alumnado real e segundo as súas características propoñer:

- Realizar Fast finisher activities, que son fichas de actividades para o alumnado que acaba as tarefas máis rápido, con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento).
- Axudarse entre si coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros que tamén vaian rematando.
- Realizar variacións das actividades xa realizadas.
- Ter dispoñibles xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra-imaxe, imaxe-imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Dispoñer do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar (busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares, etc.)
- Incluir en actividades colectivas de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias, o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluír o alumnado con trastornos de conducta nas actividades de aula.

Hai sempre un apoio para os casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, con actividades de reforzo, ou nos que destaquen a súa consecución, con actividades de ampliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Expresión oral e escrita.	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X
ET.3 - Comprensión da lectura.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X
ET.6 - Educación para a saúde.	X
ET.7 - Educación para a paz.	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes.	X
ET.9 - Educación cívica e constitucional.	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X

Observacións:

Esta programación incorpora e desenvolve os elementos transversais recollidos pola LOMLOE. Trabállanse en todas as unidades: a expresión oral e escrita (o coñecemento dunha lingua estranxeira permite acceder a máis información e comunicarse con máis persoas), a comunicación audiovisual, a comprensión da lectura, a competencia dixital (o uso regular dos recursos de aprendizaxe dixital, incluídos os sitios web e os materiais do encerado interactivo), o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento (o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e habilidades sociais como a cooperación e a negociación), educación para a saúde, a educación para a paz, a igualdade entre mulleres e homes, a educación cívica e constitucional (a conciencia de conceptos sociais e políticos como democracia, igualdade e xustiza, que permiten ás persoas participar activamente en sociedades democráticas), e a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Actividades de aprendizaxe en lingua estranxeira.	X	X	X
Visitas ó centro.	Contacontos, grupos de teatro, profesionais de distintos sectores, etc.	X	X	X
Conmemoracións do centro.	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, etc.	X	X	X
Conmemoracións específicas dos países de lingua estranxeira.	Halloween, Bonfire Night, Thanksgiving, Christmas, etc.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias poden aproveitarse para traballar en lingua estranxeira e ampliar vocabulario, expresións e apreciar as distintas culturas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A Programación Didáctica adecúase ó contexto da aula.
Traballáronse todos os temas transversais.
Acadáronse os obxectivos establecidos.
Logrouse o desenvolvemento das competencias.
Metodoloxía empregada
A práctica docente foi satisfactoria.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais e recursos didácticos foron adecuados.
A distribución de espazos e tempos foi axeitada para os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.

Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse medidas de atención á diversidade.
Estableceuse un programa de recuperación.
Clima de traballo na aula
Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adoptáronse plans de mellora.
Outros
Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.
Os resultados da avaliación nesta materia foron moi satisfactorios.

Descrición:

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un e entre as diferentes opcións destas escóllense as que consideren.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino e aprendizaxe que permite valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionan información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas, etc.) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020970	CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro	Cerceda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	44
4.2. Materiais e recursos didácticos	44
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	45
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	45
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	47
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	49
9. Outros apartados	49

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

A importancia de realizar unha programación faise necesaria para sistematizar o proceso de ensino e aprendizaxe e aumentar a calidade do traballo, eliminando o azar e a improvisación no senso negativo, sistematizando e ordenando o esforzo conxunto realizado entre varios docentes e permitindo adaptar o traballo ás características culturais e ambientais do contexto.

A presente PD está estruturada en 6 Unidades Didácticas (UD), dúas por trimestre, e está elaborada partindo dos intereses propios dos alumnos e do enfoque metodolóxico plantexado no decreto, tendo en conta o entorno onde está ubicado o centro e as características do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que escola queremos?	Partindo dunha lectura inicial, relacionada co título da unidade, traballaremos: - O dicionario - Os sons e as grafías - O son k - A linguaxe e as linguas - As palabras. Clases - A noticia - O catálogo - O poema: verso e estrofa	17	24	X		
2	Iguais e diferentes	Partindo dunha lectura inicial, relacionada con título da unidade, traballaremos: - Palabras polisémicas - Palabras homónimas - O son G - A diérese - O son Z - O anuncio - Poemas: a rima - A entrevista - A enquisa	17	24	X		
3	Onde vivimos?	Partindo dunha lectura inicial, relacionada co título da unidade, traballaremos: - Palabras sinónimas e antónimas - Palabras con b e v - Os artigos - Os demostrativos - O texto descritivo - Os diálogos - O slogan	17	23		X	
4	Que futuro ten o planeta?	Partindo dunha lectura inicial, relacionada co título da unidade, traballaremos: - A lenda - Palabras onomatopeicas - Palabras compostas - Palabras con h - Palabras con x e con ll - Os posesivos - Os numerais e os indefinidos - Texto instrutivo - Poemas: recursos literarios - A noticia	17	23		X	
5	Ciencia ao alcance	Partindo dunha lectura inicial, relacionada co título da unidade, traballaremos: - Palabras derivadas - Diminutivos e aumentativos - As contraccións do artigo - A partición de palabras - Os pronomes persoais	16	23			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Ciencia ao alcance	<ul style="list-style-type: none"> - O verbo - O texto explicativo - Poemas: o ritmo - Elaboración de instrucións e fichas 	16	23			X
6	Facémonos oír	Partindo dunha lectura incial, relacionad co título da unidade, traballaremos: <ul style="list-style-type: none"> - Os xentilicios - Familia de palabras - Signos que pechan oracións - A coma - A oración: Suxeito e predicado - As clases de oracións - A fábula - A páxina web - Teatro sobre os contos. As indicacións - Elaboración de murais - Facer recomendacións 	16	23			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que escola queremos?	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o sentido de textos orais, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, facendo unha valoración crítica do contido	PE	50
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica o contido de textos orais diversos e valora a información máis relevante		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende distintos tipos de textos aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos de diverso tipo utilizando as estratexias sinxelas de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora textos escritos de diverso tipo, individuais ou colectivos, integrando neles recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do texto		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Reproduce textos diversos a partir de modelos dados		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos sinxelos de diversa tipoloxía a partir de modelos dados		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce en galego textos escritos e multimodais coherentes, iniciándose no uso de normas ortográficas adecuadas ao seu nivel e aplicando estratexias de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario galego		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída a lingua de signos	TI	50
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñece a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrece alternativa e valora a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidad galego-castelán		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as distintas linguas empregadas na súa contorna		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación e ten en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e de xénero		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Amplía o vocabulario		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais coherentes, cunha planificación previa, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais respectando as normas básicas da cortesía lingüística.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes ocasións		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Progresa na xestión dialogada de conflitos		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos diversos en lingua galega aplicando correctamente as normas de puntuación na súa lectura		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias para a comprensión lectora de textos diversos		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza o contido e aspectos formais e non verbais de textos diversos, valorando o seu contido e estrutura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas e participando nas actividades que se organicen		
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os seres vivos: animais e persoas	Coñeceremos as características dos seres vivos relacionando as funcións vitais dos animais coas das persoas. Afondaremos nos principais grupos de animais e no coñecemento do corpo humano.	35	37	X		
2	As plantas e os ecosistemas	Nesta UD relacionaremos as partes das plantas coa realización das súas funcións vitais. Coñeceremos distintos tipos de plantas segundo o ecosistema ao que pertencen. Clasificaremos ecosistemas en función dos seres vivos e o medio físico.	35	37		X	
3	Materia, enerxía e novas tecnoloxías	Coñeceremos os cambios da materia. Clasificaremos máquinas en función da enerxía que utilizan para funcionar. Valoraremos os avances nas máquinas e na tecnoloxía para a realización dos distintos traballos, para o ocio...	30	31			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os seres vivos: animais e persoas	37

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identifica conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións a partir da observación	TI	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información sobre o medio natural		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo e rexistra os datos		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñece, protexe e valora o medio natural e amosa condutas respectuosas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.

Contidos
- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.

UD	Título da UD	Duración
2	As plantas e os ecosistemas	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	25
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas de feitos e fenómenos do medio natural.	TI	75
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información e utiliza a mesma en investigacións relacionadas co medio natural.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realiza experimentos de forma individual ou en equipo e rexistra os datos correctamente.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións a través de diferentes formatos		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñece, protexe e valora o medio natural e adopta condutas respectuosas para o seu gozo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.

Contidos

- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.
- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.

UD	Título da UD	Duración
3	Materia, enerxía e novas tecnoloxías	31

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	50
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñece diferentes fontes de enerxía e os seus usos na vida cotiá.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñece diferentes formas de producir calor e os seus efectos sobre os corpos.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analiza os efectos das forzas sobre determinados obxectos.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural.	TI	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información de diferentes fontes e utilízaa en investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo e rexistra os datos correctamente		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identifica problemas ecosociais e propón solucións.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Constrúe en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presenta o produto final dos proxectos de deseño.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolve problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.

Contidos

- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese, en primeira instancia, ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Principalmente seguiranse os seguintes principios metodolóxicos:

- Atención á diversidade e individualización da intervención educativa, prevención de dificultades, realización de diagnósticos precoces e aplicación dos mecanismos de reforzo e/ou enriquecemento (organizativos e/ou curriculares) necesarios para alcanzar o éxito escolar.
- Participación activa e inclusiva, principalmente a través de actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- Integración das diversas experiencias e aprendizaxes do alumnado, favorecendo a súa capacidade de aprender a aprender e o traballo cooperativo.
- Plantexamento de actividades de aprendizaxe integradas que se dirixan á adquisición de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición de competencias básicas. Partirase de situacións cotiás próximas á vida real para traballar os contidos das distintas unidades. Realizaranse pequenas actividades de

investigación que axuden aos alumnos á comprensión e asimilación dos distintos contidos. O profesorado fará de mediador e de guía para fomentar a interacción cos compañeiros e compañeiras. Do mesmo xeito iranse fixando uns hábitos de traballo para o desenvolvemento progresivo da autonomía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Caderno de traballo
Láminas
Páxinas web asociadas aos distintos contidos
Fichas de reforzo e ampliación
Actividades e recursos dixitais

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, senón que serven unicamente de apoio para chegar a acadalos.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial con actividades escritas de repaso de contidos do curso anterior. Esta avaliación inicial permitiranos comprobar o punto de partida en relación aos coñecementos previos do alumnado e cáles son os aspectos nos que hai que incidir ao inicio de cada UD antes de comezar con contidos novos. Ademais, ao inicio das seguintes unidades, levaranse a cabo actividades de introdución que aportarán información concreta relativa aos coñecementos previos dos alumnos en cada tema a tratar.

En cada UD realizaremos unha avaliación continua na que se recollerá información relativa ao proceso de ensino-aprendizaxe, a fin de localizar dificultades cando aínda hai posibilidade de solucionarlas.

Por último, realizaremos unha avaliación final, entendida como a valoración global de aprendizaxe de cada estudante ao finalizar cada unidade en relación ao seu nivel de partida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Proba escrita	50	25	50	41
Táboa de indicadores	50	75	50	59

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de Ciencias da natureza de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

Para o alumnado con TDAH, TEA, con dislexia ou outras dificultades específicas da aprendizaxe que non precisen modificacións significativas do currículo (adaptación curricular) seguiranse os respectivos protocolos elaborados pola Xunta de Galicia.

A nota trimestral, no que ás UD se refire é a seguinte:

1º Trimestre: UD1 - 50% probas escritas- 50% táboas de indicadores

2º Trimestre: UD2- 50% probas escritas- 50% táboas de indicadores

3º Trimestre: UD3- 50% probas escritas. 50% táboas de indicadores

Cando a nota media tivese como resultado un decimal, redondearase á nota enteira máis cercana. En calquer caso cando o docente, vendo a evolución do alumno ou alumna e atendendo a razóns pedagóxicas, considere a conveniencia de non aplicar o anterior, e sempre pensando no que poida favorecer ao alumnado, isto será o que prevaleza.

A relación das competencias claves da avaliación final ordinaria farase tendo en conta a seguinte relación das mesmas cos obxectivos da área:

- Competencia en Comunicación Lingüística: obxectivos 1,4 e 5
- Competencia Plurilingüe: obxectivo 5
- Competencia Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: obxectivos 1,2, 3,4 ,5 e 6
- Competencia Dixital: obxectivos 1, 3, 5 e 6
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: obxectivos 2,4 e 6
- Competencia cidadá: obxectivos 1, 2,3 e 4
- Competencia emprendedora: obxectivos 3, 4 e 6
- Competencia en conciencia e expresións culturais: obxectivos 3, 5 e 6

Criterios de recuperación:

Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área non acadados a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados en cada unha das UD, se ben serán traballados de novo afondando naqueles aspectos non superados.

A recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa.

No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Partiremos dos principios de normalización e inclusión, non- discriminación e igualdade efectiva de oportunidades. A tales fins estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao máximo o desenvolvemento das súas capacidades persoais, os obxectivos de etapa e as competencias clave, optando sempre pola máis ordinaria posible. Favorecerase o traballo conxunto co resto do alumnado.

Así pois, en función das necesidades dos alumnos (reforzo ou enriquecemento), realizaranse as seguintes actividades axeitadas ás distintas áreas e unidades:

- Actividades no caderno do alumno adaptadas ás distintas necesidades.
- Fichas de ampliación das unidades.
- Fichas de reforzo das unidades.
- Actividades individualizadas en función da necesidade de cada alumno.
- Actividades dixitais.
- Actividades para o desenvolvemento da intelixencia.

As distintas actividades estarán ben estruturadas dando, en ocasións determinadas, protagonismo aos intereses concretos do alumnado.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais.

O alumnado que o precise recibirá apoio por parte dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e/ou doutros mestres do centro, así como Reforzos Educativos impartidos tamén polo titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X
ET.7 - Espírito de emprendimento	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X		

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos , recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais, algúns deles presentes en tódalas unidades.

Os elementos transversais traballaranse nas propias UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os contidos e nas distintas actividades complementarias e extraescolares que se poidan levar a cabo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festa do outono	Coincidindo coa celebración da festa do outono no colexio traballaremos aspectos sobre a natureza			
Visitas aos Museos Científicos	En función da planificación das actividades extraescolares, poderemos ter a oportunidade de visitar a Casa das Ciencias, a Casa dos peixes e a Casa do home			
Saídas ao entorno próximo	Poderemos observar e analizar a natureza no entorno próximo ao colexio			
Entroido	Coincidindo coa celebración do entroido traballaremos aspectos relacionados coas Ciencias da Natureza			

Observacións:

As unidades didácticas poderán ter asociadas distintas actividades complementarias ou extraescolares organizadas especificamente para o desenvolvemento desa unidade ou outras interesantes que poidan xurdir.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das ciencias da natureza.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Enquisa ao alumnado sobre a práctica docente- O 75% do alumnado debe dar unha valoración positiva
Adecuación do deseño das UD ás características e necesidades do alumnado- observación directa
Superación da materia- O 80% do alumnado supera positivamente a materia
Funcionalidade da PD_ revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos
Cumpliuase a temporalización inicialmente establecida
Metodoloxía- A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD
Atención á diversidade- valorarase si se levaron a cabo as medidas de atención á diversidade e se foron efectivas, valorando tamén a evolución do alumnado
Instrumentos de avaliación- utilizáronse distintos instrumentos de avaliación
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoioíuse a implicación das familias no traballo do alumnado

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro, a excepción da enquisa ao alumnado, que se realizará ao final do 3º trimestre. No 1º e 2º trimestre a enquisa ao alumnado será mediante debates na aula.

O titor fará constar os resultados nas correspondentes actas de ciclo e/ou en dada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral, onde se incluírán observacións e/ou propostas de cambio.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre revisarase a PD no referente a:

- Reunións mensuais do equipo docente.
- Temporalización das UD.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral.
- Actividades complementarias (realizadas ou non)
- Medidas de atención á diversidade.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

Os datos recollidos incluíranse na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020970	CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro	Cerceda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

A importancia de realizar unha programación faise necesaria para sistematizar o proceso de ensino e aprendizaxe e aumentar a calidade do traballo, eliminando o azar e a improvisación no senso negativo, sistematizando e ordenando o esforzo conxunto realizado entre varios docentes e permitindo adaptar o traballo ás características culturais e ambientais do contexto.

A presente PD está estruturada en 3 Unidades Didácticas (UD), unha por trimestre, e está elaborada partindo dos intereses propios dos alumnos e do enfoque metodolóxico plantexado no decreto, tendo en conta o entorno onde está ubicado o centro e as características do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As paisaxes e a auga	Comezaremos a unidade coñecendo as distintas paisaxes na Terra. Rematarémola coñecendo as distintas formas en que podemos atopar a auga nas paisaxes así como a súa importancia.	33	25	X		
2	A importancia do aire e as localidades e a poboación	Na segunda unidade, partiremos da localidade na que vive o noso alumnado para, despois, ir coñecendo distintos tipos de localidades e as diferencias e semellanzas entre unhas e outras, así como as normas de convivencia que debemos respectar. Así mesmo introduciremos ao alumnado na organización da localidade, de España e de Galicia, profundizando no coñecemento da nosa Comunidade autónoma. Por último traballaremos o concepto de poboación e analizaremos os cambios da mesma. Estudaremos a atmosfera, a choiva o tempo e as estacións e analizaremos a influencia do tempo na nosa localidade.	34	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Os traballos e a historia	<p>Comezaremos introducindo ao alumnado no concepto de historia (qué son as idades, fontes históricas, monumentos históricos...) para rematar introducindo ao alumno nos aspectos máis importantes das distintas idades da historia.</p> <p>Analizaremos os distintos traballos e a súa evolución ao longo do tempo</p>	33	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As paisaxes e a auga	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identifica conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para buscar información, de xeito individual e en equipo.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formula preguntas e realiza predicións sobre o medio natural, amosando curiosidade polo mesmo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Busca e selecciona información sobre o medio natural, social e cultural adquirindo léxico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos e rexistra os datos correctamente despois de realizada a observación.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades conxuntas de forma dialogada e democrática empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identifica problemas ecosociais e propón solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	A importancia do aire e as localidades e a poboación	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analiza a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade respectando e valorando a diversidade cultural.	PE	50
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñece os principais órganos de goberno e as súas funcións, valorando a importancia das mesmas.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interioriza normas básicas para a convivencia na localidade e as normas de circulación viaria.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais traballando de forma individual e en equipo.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formula preguntas amosando curiosidade polo medio natural, social e cultural.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Busca e selecciona información para relacionala co medio natural, social e cultural adquirindo léxico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos guiados, realizando observacións e rexistrando os datos correctamente.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades aplicando as leis de democracia, dialogando e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas

Contidos

- necesidades da investigación.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.
- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- Organización política e territorial de Galicia.
- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Os traballos e a historia	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece os aspectos máis relevantes desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais tanto de forma individual como en equipo.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formula preguntas demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Busca información e utilízaa para diferentes investigacións.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos guiados e rexistra correctamente os datos obtidos a través da observación.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades aplicando as normas de convivencia democrática, empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural e valórao como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
